

ASISTENTES

Alberte Pivida, Rodrigo
 Alonso Crespo, María Victoria
 Alonso Vega, María Flora
 Alonso Villar, María Olga
 Álvarez González, Susana
 Álvarez Moreira, José Ángel
 Álvarez Villamarín, José Carlos
 Andión Rodríguez, María Nuria
 Araujo Araujo, Pilar Aurora
 Araujo Nespereira, Pedro Antonio
 Arévalo Tomé, Raquel
 Barreiro Crespo, Juan Manuel
 Blanco Sierra, Javier
 Bravo Bosch, María José
 Caride Álvarez, Celso
 Comesaña Benavides, José Antonio
 Corbacho Valencia, Juan Manuel
 Cuevas Alonso, Miguel
 Cuiñas Gómez, Iñigo
 Díaz Pereira, M^a Del Pino
 Dios Parada, Ana María
 Fariña Rodríguez, José
 Fernández Domínguez, Telmo
 Fernández Fdez., Federico A.
 Fernández Fustes, M.^a Dolores
 Fernández González, María
 Fernández Rodicio, Clara Isabel
 Fernández Román, Daniel
 Fernández Souto, Ana Belén
 Formella, Arno
 García Eirín, José Manuel
 Garrote Velasco, Gil
 Gómez Clemente, Xosé M^a
 Gómez Gesteira, Ramón
 González González, Jaime
 González Penín, Ana Isabel
 Grande Seara, Pablo
 Hervés Estévez, Javier
 Lago Ferreiro, Alfonso
 Lameiro Diéguez, M.^a de los Remedios
 Lima González, Estela
 López Ardao, José Carlos
 López Escobar, Juan José
 López Rubianes, Lucrecia M.^a
 Lorenzo González, María de las Nieves
 Losada Barreiro, Sonia
 Macías Cambra, Henrique
 Martínez Carballo, Elena
 Martínez Piñeiro, Manuel
 Mejuto Fernández, J. Carlos
 Méndez Reboredo, José Ramón
 Mociño González, María Isabel
 Mollinedo Lois, Carlos
 Montero Reguera, José Francisco
 Moure Rodríguez, M^a. José
 Nóvoa Fernández, Yolanda
 Otero Cerdeira, Lorena
 Otero Otero, Blanca
 Paz Penín, Concepción
 Peña Gallego, M.^a Ángeles
 Pérez Cota, Manuel
 Pérez Rodríguez, M^a. Rosa
 Pita Carballo, José Luis
 Porteiro Fresco, Jacobo
 Prada Rodríguez, Julio
 Reboiro Jato, Miguel
 Reboreda Morillo, Susana
 Reigosa Roger, Manuel J.
 Río Otero, Coral del
 Rivas Conde, Filemón
 Rivera Vázquez, Noelia M.^a
 Rivo López, Elena
 Rodríguez Hernández, Cándido
 Rodríguez Martínez, Fco. Javier
 Rodríguez Martínez, Jairo
 Rodríguez Miguez, Eva M.^a
 Rodríguez Pousa, Estela
 Ruiz Hidalgo, M.^a del Carmen
 Sánchez Moreiras, Adela María
 Santos Grandal, Juan
 Siota Álvarez, Mónica
 Soto González, M.^a Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 8 de xullo de 2025, convocada ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala Marie Curie do Edificio Politécnico sito no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións: letra U.

Ás 10:10 h do día **8 de xullo de 2025** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Informe do balance anual do goberno.
4. Informe de seguimento e avaliación anual do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
5. Informe da Valedora Universitaria correspondente ao ano 2024.
6. Informe sobre transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2024.
7. Aprobación, se procede, da creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE).
8. Aprobación, se procede, da creación da Comisión para o estudo de novas titulacións e novos modos de docencia.
9. Elección de membros do CG polo sector decanos/directores: 2 vacantes.
10. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:
 - A. Comisión Electoral (2 vacantes).
 - B. Consello de Campus de Ourense (3 vacantes)
 - C. Consello de Campus de Pontevedra (4 vacantes)
11. Elección dun membro no Consello de Campus de Ourense: 1 PDI-B.
12. Quenda de intervencións

Teixeira Bautista, Marta
Torres Romay, Emma
Vázquez Abad, Jesús
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Villanueva Villar, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alonso Prieto, Elena
Álvarez Álvarez, María Salomé
Area Carracedo, Iván
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bringas López, Ana
Caamaño Martínez, José Carlos
Carballo Piñeiro, Laura
Chapela López, Sergio
Delgado Parada, Joseba
Díaz Redondo, Rebeca P.
Dominguez González, José Luis
Doval Ruiz, María Isabel
Fernández Barciela, Mónica
Gallardo Medina, Mercedes
García Estévez, José Manuel
García García, Óscar
Garza Gil, María Dolores
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé
Martínez Arribas, Fernando
Méndez Abelleira, Begoña
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Patiño Vilas, David
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rios Santome, María José
Rivas Ferreira, Mauro
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Rodríguez Guerra, Alexandre
Seijas Montero, María
Solla Carracelas, María Mercedes
Suris Regueiro, Juan Carlos

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro de 2024.

O reitor propón que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

Por unha cuestión de orde, piden a retirada do punto 8. Consideran que debe ser retirado por falta de documentación. O reitor pide o artigo do Regulamento no que se basea. Non o sabe, o pide como unha cuestión de orde.

A mesa do Claustro decide que se retire o punto 8, aínda que foi aprobado na reunión da mesa do Claustro.

2. Informe do reitor

O reitor informa sobre os seguintes temas:

- Radon: xa fixemos o primeiro estudo na Universidade de Vigo, identificando nas plantas baixas dalgúns edificios a presenza de Radon e poñendo en coñecemento dos directores de centros e decanos, etc., as medidas que imos tomar para corrixir este problema, facendo incluso un exame médico ás persoas que sexa necesario.
- Emendas: ao rematar o prazo de recepción das mesmas, volverá a traballar a Comisión de Estatutos para poder chegar nun prazo razoable a un texto final para presentar ao Claustro.
- PDA realizada en tempo e forma.
- Posta en marcha do programa iPod, realizado polo grupo de Martín López Nores.
- POD en tempo e forma.
- En prazo para as saídas de prazas, listas de agarda, profesorado de substitución. A pesares dos cambios normativos forzados, teremos un verán tranquilo.
- Prazas de AXD do Programa María Goyri (42 prazas convocadas): 24 prazas adxudicadas nun total de 6 acordos, 4 prazas reclamadas, 3 prazas aprovisionadas, pero en prazo de reclamacións aínda, 10 prazas en proceso de avaliación, 1 praza pendente de constituír comisión.
- Prazas de AXD do contrato-programa do 2025 (36 prazas convocadas): finalizou o prazo de solicitudes o 30/06; en revisión polo servizo as 206 solicitudes para publicar listaxe de admitidos/excluídos.
- Prazas de PDI- estado das mesmas: prazas PPL, 32. Prazas Titular, 31. Prazas CU, 30. Prazas MG 2025, 6. LAs (primeira tanda), convocadas. Prazas asociados 2025/26 e LAs NOVAS, constituídas as CEAS e pendente de enviar a convocatoria ao DOG.
- Oferta de emprego público do PTXAS: 6 prazas, 1 de promoción interna.
- Celebrouse sesión de traballo co Conselleiro de Emprego para axustar as datas de preinscrición e matrícula de bolsas BEME.
- Celebráronse dúas sesións do Consello para a coordinación da docencia clínica, ademais dunha xuntanza entre os 2 conselleiros implicados e os 3 reitores.
- Pleno da CRUE: situación relativa a Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Créditos ICO para vivendas de estudantes.
- Celebráronse negociacións entre os alegantes e os organizadores do INCIDE.

- No pleno do Consello Social aprobouse por asentimento unha proposta relativa á proposta de Grao en Dereito na UIE.
- Consello Galego de Universidades: nova titulación de dereito na UIE.
- Pendentes de recurso, farémolo contando cos catro decanatos de dereito no SUG.
- Asinado Convenio CEP para microcredenciais.
- Campus Spain: periga a chegada de estudantes estranxeiros para seguir o curso do Centro de Linguas por unha modificación legal (non serve para conceder visados). Estamos traballando nunha solución.
- Preinscrición: estudantes de primeira opción na Universidade de Vigo. Prazas oferta: 3527; no 2024 , 4731. No 2025, 4966, o que fai unha diferenza de 371.
- Homenaxe ao profesor Patricio Sánchez Bello.
- Xornada Universitaria galega en xénero.
- Presentación de iLingua, Instituto Universitario de Investigación.
- Celebrado en Vigo o acto MEGAU.
- Celebrada a primeira sesión do grupo de traballo sobre descentralización de Medicina.
- Conta anual do exercicio 2024: o proceso de formulación e a posterior aprobación da conta consisten en: 1. Formulación polos servizos económicos da Universidade de Vigo dirixidos pola Vixerencia Económica e a Xerencia. 2. Aprobación polo Consello de Goberno, de ser o caso, ou pola Comisión de Planificación. 3. Aprobación polo Consello Social xunto co informe de auditoría de ser o caso. Na comisión e no Pleno. 4. Remisión á Xunta de Galicia.
- Resultado orzamentario do exercicio 2024, resultado orzamentario axustado: 1.765.490,75 Euros.
- Informe da auditoría operativa sobre procedementos de xestión económica con especial referencia particularizada aos fondos mrr recibidos. Concluíu: proceso de arquivo da documentación soporte do gasto, favorable. Carécese dun detalle individualizado por proxecto da situación de avance de gasto executado fronte ao ingreso periodizado. Recomenda: dado que o MUS resulta insuficiente, recoméndase que, aparte do seu mantemento, se adquira unha aplicación informática que recolla a información da parte de ingresos e de cobros sobre cada proxecto co obxecto de recompilar a seguinte información: código de proxecto, data de inicio, data final, e detalle de gastos e de cobros por data e por concepto. Obxectivo: elaborar informes globais sobre o grao de avance e a situación nunha data determinada do proxecto, de cara a determinar o seu impacto nas contas anuais.
- Consello Social, Comisión Económica: acórdase favorablemente sobre a liquidación do presuposto da UVigo 2024, da actualización das medidas aplicadas ás recomendacións do Consello de Contas, da eliminación do remanente de FEUGA neste mandato, da aceptación de doazón de equipos para CINBIO e dos convenios asinados pola UVigo nos últimos meses.

Conclúe o informe do reitor ás 10:56 h.

3. Informe do balance anual do goberno.

O reitor presenta o seguinte informe do balance anual:


Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación

2025

Universidade de Vigo




Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación (I+D+i)



Universidade de Vigo




Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación (I+D+i)



Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación (I+D+i)



Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

2025

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Infraestructuras		
	Actuación	Execución (%)
Instalacións de enerxía renovable	Instalacións fotovoltaicas instaladas: Xurídico-Empresarial (OU), Campus Auga (OU), Biblioteca (OU), Fisioterapia (PO), Filoloxía e Tradución (VG), Ciencias Experimentais (VG), Telecomunicacións – Minas e Enerxía (VG) e CINETEX (VG)	100
	Instalacións fotovoltaicas en execución: Olimpia Valencia.	20
Campus de Vigo	Ascensor en Telecomunicación	100
	Caldeiras nos edificios do Servizo de Deportes e de Fundición	100
	Baños da Facultade Filoloxía e Tradución	100
	Acondicionamento da contorna e liñas hidráulicas de Exerxia	100
	Obras para o Servizo de Recursos Humanos de Investigación	100
	Adaptacións eléctricas Miralles	100
Campus de Pontevedra	Cuberta da Facultade Fisioterapia	75
	Acometida de auga no campus	100
	Grupo contra incendios en Ciencias da Educación e do Deporte	100
	Sala croma da Facultade Comunicación	100
Campus de Ourense	Beirarrúa do Politécnico	100
	Fiestras do edificio de Ferro	50
	Reforma do laboratorio do Politécnico	100
	Licitación de obras do edificio de Aeroespacial	100

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Oficina de Medio Ambiente		
	Actuación	Execución (%)
Xestión ambiental: manexo de recursos, enerxías, materias primas e residuos	Recollida de 23 161 kg de residuos químicos perigosos de laboratorios e talleres	100
	Recollida e xestión de residuos e consumibles electrónicos no Gruvi ou xestor autorizado	100
	Xestión de residuos de experimentación animal (sandach)	100
	Control e seguimento de consumos de auga, electricidade e combustibles para aplicar medidas de aforro e eficiencia enerxética	100
	Seguimento e cuantificación do impacto ambiental da universidade segundo o estudo da Pegada de carbono e da Pegada ecolóxica	
Sensibilización e formación	Bolsas de formación, cursos e campañas de sensibilización	100
Conservación do medio natural: xestión de zonas verdes	Plantación de 430 árbores e arbustos (1200 m ²) e rexeneración duns 5000 m ² de zonas degradadas	100
	Eliminación de plifreiros por risco de caída ou por incendios. Poda especial. Eliminación de especies invasoras	100
	Planificación do mantemento e conservación das zonas verdes xunto coa Unidade de Xardinaria e Paisaxismo. Limpeza xeral, recollida e compostaxe de residuos forestais	100
	Elaboración de inventarios faunísticos e florísticos xeorreferenciados dos campus	100
	Aproveitamento sostible dos recursos hídricos dos campus, para rega e extinción de incendios	100

Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions		
	Actuación	Execución (%)
Implantación de Sigma	Análise e documentación de procesos académicos e refactorización da súa adaptación informática	100
	Elaboración do POD 2024	100
	Duplicado PDA/POD Sigma en Xescampus e mantemento de Docnet	100
Estabilización de Sigma na infraestrutura de servizos da Universidade de Vigo	Desenvolvemento da explotación de datos	100
	Autoemisión de certificados a partir de datos de Sigma	100
	Revisión e estabilización das integracións de Sigma nos servizos da UVigo: ✓ Identidade corporativa ✓ Perfil de usuario/a na secretaría en liña ✓ Sistema de contas de correo ✓ Sistema de autenticación centralizada ✓ Integración con Moovi, Campus Remoto e Alma da biblioteca	100
Evolución e integracións de Peoplenet	Integración no Rexistro Central de Persoal. Integración 100% dixitalizada no RCP	100
	Implantación do módulo de censos do PTXAS e Acción Social	100
	Integración do envío automatizado de días de prácticas curriculares á Seguridade Social	100
Evolución de novas aplicacións	Integracións varias con outros ERP institucionais (SUXI, MUS etc.)	
	Prácticas curriculares	100
Desenvolvemento de novos servizos	Emsia: aplicacións académicas satélite non soportadas en Sigma	100
	Evolución tecnolóxica dos postos de traballo do persoal administrativo	100

Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Servizo de Prevención de Riscos Laborais			
	Campus	Actuación	Execución (%)
Avaliacións iniciais de riscos	Vigo	VIGO QUANTUM COMMUNICATION CENTER (VQCC)	100
		AVALIACIÓN DE RISCOS PROXECTOS: IEO, EPHYSLAB, TRABALLOS NAVANTIA	100
		AVALIACIÓN DO LABORATORIO DE CULTIVOS CELULARES (CITEXVI)	100
		AVALIACIÓN DE RISCOS DA PISCIFACTORIA STOLL	100
		AVALIACIÓN DE RISCOS (deficiencias das cafeterías)	100
		AVALIACIÓN DE RISCOS (maquinaria do taller do CACTI)	100
Revisións das avaliacións de riscos	Vigo	BIBLIOTECA CENTRAL (campus)	100
		EDIFICIO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS (Biología, CC.MM. e Química)	100
	Ourense	EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL	100
	Pontevedra	FACULTADE DE BELAS ARTES	100
Simulacros	Vigo	E.E. INDUSTRIAL (SEDE CAMPUS e SEDE CIDADE)	100
Revisión dos plans de autoprotección	Vigo	E.E. DE TELECOMUNICACIÓN	100
	Pontevedra	FACULTADE DE BELAS ARTES	100

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Servizo de Prevención de Riscos Laborais			
	Campus	Actuación	Execución (%)
Formación	Vigo	4 EDICIÓNS DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS	100
		5 EDICIÓNS DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS CON MANEXO DE DESFIBRILADOR SEMIAUTOMÁTICO EXTERNO	100
		3 EDICIÓNS DO CURSO DE ALARMA E EVACUACIÓN	100
		2 EDICIÓNS DO CURSO DE LOITA CONTRA INCENDIOS	100
		1 EDICIÓ DA XORNADA DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS	100
		1 EDICIÓ DO CURSO BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	100
	A distancia	1 EDICIÓ DO CURSO DE RISCOS XERAIS NO SECTOR DOCENTE	100
		1 EDICIÓ DO CURSO DE RISCOS XERAIS DE SEGURIDADE	100
		1 EDICIÓ DO CURSO RISCOS NO USO DE PVDS	100
		1 EDICIÓ DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS	100
	Pontevedra	2 EDICIÓNS DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS CON MANEXO DE DESFIBRILADOR SEMIAUTOMÁTICO EXTERNO	100
Vixilancia da saúde	Vigo	877 RECOÑECEMENTOS MÉDICOS	100
	Ourense	231 RECOÑECEMENTOS MÉDICOS	100
	Pontevedra	122 RECOÑECEMENTOS MÉDICOS	100

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

2025

Universidade de Vigo




Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

	ACCIÓN	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL											
		2022	2023	2024	2025	2026							
Consolidar e planificar a comunicación para promover fluxos de traballo	Seguimento do Plan de comunicación												
	Publicación dun plan director de comunicación anual												
	Integración da comunicación institucional nos centros docentes e de investigación												
Intensificar o sentimento de pertenza e a participación da comunidade a través da consolidación da imaxe corporativa	Elaborar e difundir un novo manual de identidade corporativa												
	Uniformar a sinalización												
	Establecer mecanismos de produción e de venda ao público de material publicitario e de agasallos corporativos												
	Promocionar a organización de eventos e ofrecer unhas pautas para organizalos												
	Facilitar e mellorar os procesos de información co estudiantado a través de canles máis próximas (canle de Whatsapp)												
	Homenaxear o estudiantado cos mellores expedientes de Galicia na PAU 2025												
	Promocionar a UVigo e os seus centros a través de formatos audiovisuais												
	Ofrecer contidos atractivos en formato cómodo de consumir (podcast SONUVigo mensual)												
Análise inicial													
Elaboración da proposta													
Posta en marcha ou implantación													
Mantemento, seguimento e avaliación													

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais



Antes de presentar o traballo desenvolto pola Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, o reitor indica que asináronse 24 acordos PDI-Sindicatos.

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

2025

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

PDI	EXECUCIÓN 2024	EXECUCIÓN ACTUAL
Garantir contratos indefinidos, actividades científico-técnicas e contratos por obra e servizo	100%	100%
Elaboración do cadro técnico de persoal	100% (anual)	100% (anual)
Análise da situación do colectivo do profesorado axudante doutor	100%	100%
Análise dos custos do adiantamento do paso de PAD a contratado doutor interino (último ano)	100%	100%
Análise do envellecemento do cadro de PDI	100% (anual)	100% (anual)
Plan de incentivo de xubilación	10%	20%
Incorporación de persoal formado (TU, CU) doutras universidades	0%	20%
Incorporación de profesorado axudante doutor	50%	100% (anual)
Promoción de profesorado asociado a axudante doutor	100% (anual)	30% (anual)
Adaptación á LOSU	40%	70%
Análise inicial		
Elaboración da proposta		
Posta en marcha ou implantación		
Mantemento, seguimento e avaliación		

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

ORDENACIÓN ACADÉMICA	EXECUCIÓN 2024	EXECUCIÓN ACTUAL
Medidas facilitadoras do relevo xeracional	40%	60%
Plan piloto de recoñecemento docente por maternidade	100%	100%
Recoñecemento docente de prazas de profesorado contratado doutor interino	100%	100%
Redución da idade no cálculo de contratación de persoal consolidable	100% (anual)	100% (anual)
Contratos programa específicos en departamentos	30%	100%
Convocatorias adicionais de profesorado axudante doutor	40%	100%
Debate sobre o modelo de recoñecementos docentes por cargos académicos	5%	30%
Modificación da normativa de profesorado emérito	0%	0%
Análise inicial		
Elaboración da proposta		
Posta en marcha ou implantación		
Mantemento, seguimento e avaliación		

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

2025

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

CENTROS E DOCENCIA	EXECUCIÓN 2024	EXECUCIÓN ACTUAL
Creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente	100%	100%
Creación da Facultade de Enfermaría	80%	80%
Estado das titulacións da UVigo	80%	90%
Negociación do novo mapa de titulacións	0%	0%
Virtualización de laboratorios	70%	85%
Migración a Sigma	85%	90%
Modelo da planificación docente anual	5%	100%
Bolsa de centros	100%	100%

Análise inicial	
Elaboración da proposta	
Posta en marcha ou implantación	
Mantemento, seguimento e avaliación	

Universidade de Vigo



Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

FORMACIÓN PERMANENTE	EXECUCIÓN 2023	EXECUCIÓN ACTUAL
Incremento e promoción dos títulos propios e programas de formación permanente do profesorado	50%	80%
Formación para o emprego	70%	85%
Innovación docente	60%	90%
Programa universitario de maiores	50%	90%
Desenvolvemento de MOOC e microcredenciais	10%	50%

Análise inicial	
Elaboración da proposta	
Posta en marcha ou implantación	
Mantemento, seguimento e avaliación	

Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

OBXECTIVO		2023	2024	2025
Captación de alumnado	Plan de captación 2022-2025	50%	75%	100%
Regulamentos	Actualizar as normativas relativas ao estudantado	50%	90%	90%
Bolsas	Programa de bolsas para asegurar o acceso á universidade e á igualdade de oportunidades	75%	90%	100%
Formación transversal	Ofrecerlle ao estudantado formación en competencias transversais	25%	50%	75%
Participación estudantil	Deseñar un plan integral para a participación estudantil	25%	50%	75%
Emprego	Certificación de empregabilidade ANECA	75%	90%	100%
Alumni	Crear a comunidade alumni-UVigo	50%	75%	100%

Análise inicial	
Elaboración da proposta	
Posta en marcha ou implantación	
Mantemento, seguimento e avaliación	

Vicerreitoría de Extensión Universitaria

2025

Vicerreitoría de Extensión Universitaria

ANL	
Promoción e incremento do uso do galego na institución	50%
Accións conxuntas entre cultura, deportes e a ANL	80%
Área de Deporte	
Visualización das actividades deportivas na sociedade (propias e alleas á comunidade)	75%
Incremento da participación da comunidade universitaria en actividades deportivas (especialmente estudiantado)	70%
Revisión das accións da Área de Deportes e, de ser o caso, a súa mellora	75%
Interacción co estudiantado na procura de suxestións de mellora e proxecto dun grupo de traballo	90%
Área de Cultura	
Achegamento entre a UVigo, a cidade e a súa contorna	70%
Realización de eventos culturais no campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende)	50%
Revisión da normativa de obradoiros e de cursos de extensión	75%
Revisión das accións da Área de Cultura e, de ser o caso, a súa mellora	75%

Vicerreitoría de Internacionalización

2025

Vicerreitoría de Internacionalización

PROGRAMAS	OBJETIVO	ACCIONES	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL												GRADO CONSECUCIÓN
			2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033	
Plan de internacionalización	Deseñar e implementar un novo plan de internacionalización	Revisión e avaliación do PI actual. Deseño e implantación dun novo PI.													90%
Regulamentos	Revisar normativas actuais e crear novas normativas relacionadas coa internacionalización.	Renovación da Comisión de Mobilidade. Recopilación, revisión e modificación de todas as normativas que afectan á internacionalización. Creación de novas normativas.													90%
Mobilidades	Aumentar as mobilidades de alumnado, PDI e PTXAS	Revisión dos actuais convenios e ampliación de parceiros. Implantación da plataforma MoveON. Revisión e mellora da oferta académica plurilingüe dos centros.													80%
Plurilingüismo	Mellorar o nivel de plurilingüismo na Universidade de Vigo	Análise das competencias lingüísticas do estudiantado da UVigo e proposta dun plan piloto nos tres campus. Análise das competencias lingüísticas do profesorado e PTXAS da UVigo e propostas de mellora.													90%
Capatación de talento internacional	Captao talento internacional en colaboración co VR de Investigación	Busca de oportunidades. Mellora da información sobre oportunidades e trámites en inglés.													85%
Capatación de alumnado/profesorado estranxeiro	Captao alumnado internacional en colaboración co VR de Estudantado e VR de Profesorado, Docencia e Titulacións	Asistencia a feiras de captación fóra de España, sobre todo en países hispanófonos e lusófonos. Revisión e propostas de mellora dos xéminos burocráticos coas diferentes administracións. Promover titulacións universitarias conxuntas internacionais.													90%
Universidades Europeas ATHENA	Unimos á alianza ATHENA, solicitar a ampliación do proxecto e executalo	Colaborar co proxecto actual. Participar na nova proposta. Executar o proxecto (se procede).													90%

Análise inicial	
Elaboración da proposta	
Posta en marcha ou implantación	
Mantemento, seguimento e avaliación	

Universidade de Vigo



Vicerreitoría do Campus de Ourense

2025

Universidade de Vigo



Vicerreitoría do Campus de Ourense

PROGRAMAS	Grao execución
Acreditación do Campus Auga e desenvolvemento das actividades de investigación	100%
Sinatura e posta en marcha da Cátedra de desenvolvemento sostible do rural ourensán	50%
Planificación e posta en marcha de actividades en vilas da provincia ourensá	70%
Reorganización e impulso da actividade do CITI	60%
Impulso da transferencia e da investigación con empresas	90%

INFRAESTRUTURAS	Grao execución
Traslado do CACTI o edificio Campus Auga	100%
Instalación da planta piloto no edificio Campus Auga	100%
Reorganización dos espazos no campus cos novos edificios	10%
Edificio de Aeroespacial	10%
Edificio de Intelixencia Artificial	0%
Instalación fotovoltaica nos edificios de Ferro e Xurídico-Empresarial	100%

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

PROGRAMAS	ACCIÓN	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL												GRADO DE CONSECUCCIÓN
		2022			2023			2024			2025			
		3T	4T	1T	3T	4T	1T	3T	4T	1T	3T	4T	1T	
Acreditación do Campus Crea e desenvolvemento das actividades de investigación														35%
Planificación anual e posta en marcha das actividades da Cátedra Álvarez Osorio	Programación de conferencias e de actividades sociodeportivas no marco da Cátedra Álvarez Osorio													100%
Planificación e posta en marcha de actividades para fomentar a transferencia e a investigación no campus de Pontevedra														75%
Planificación e posta en marcha dun programa de actividades culturais no campus de Pontevedra														100%
Planificación e posta en marcha de actividades para fomentar o emprego e o emprendemento no campus de Pontevedra	Rede Eusumo, Pont up, conferencias de emprendemento													60%

Analise inicial	
Elaboración da proposta	
Posta en marcha ou implantación	
Mantemento, seguimento e avaliación	

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

INFRAESTRUTURAS NO CAMPUS	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL												GRAO CONSECUICIÓN				
	2022			2023			2024			2025				2026			
	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T		3T	4T	1T	2T
1. Instalación fotovoltaica nos centros do Campus																	100%
2. Edificio modular de Tafsa																	5%
3. Ampliación de Ciencias da Educación e do Deporte																	25%
4. Mellora da canalización de auga do campus																	100%
5. Humanización do campus																	30%

Analise de necesidades	
Preproxecto	
Concurso de ideas	
Concurso do proxecto e dirección de obra	
Obra ou implantación	

Seguidamente, o reitor informa sobre os acordos acadados cos representantes do PTXAS:

1. Acordo para o nomeamento provisional do PTXAS funcionario nun grupo ou subgrupo superior.
2. Novo acordo de Comisión de Servizos.
3. Acordo sobre Oferta de Emprego Público de 2024.
4. Acordo modificación RPT Servizo de RRHH de Investigación e praza Ourense
5. Bases convocatorias procesos selectivos OEP 23 y 24.
6. Acordo Bases concurso específico X Servizo e Administradores.
7. Acordo transformación contratos laborais temporais.

Modificacións que se aprobaron na RPT:

1. Creación do Servizo de Recursos Humanos de Investigación.
2. Creación da Sección administrativa da OPI.
3. Modificación da localización do posto de traballo Técnico/a Superior en Biotecnoloxía do CITI Ourense.

O reitor cede a palabra a continuación a Coral del Río, quen quere dar a visión de NÓS Universidade con respecto á Universidade: **“FIN DE CICLO”**. Esta é a sensación que se percibe despois de 6 remodelacións nos sucesivos equipos de goberno da UVigo, con dimisións soadas e cunha evidente falta de coherencia interna nos cambios.

Onde imos, e que se busca, con cada un deles?

O último episodio desta “remuda” foi a dimisión do Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, encargado de solucionar os inxentes problemas xerados pola aplicación SIGMA. Unha substitución apresurada nun intre crítico para a xestión das actas académicas. Novamente no peor momento, novamente de maneira precipitada, novamente sen explicar o porqué do cambio.

Nos seus informes, o Reitor trata de consolidar un relato favorable aos seus intereses, baseándose no seu carácter conciliador e nos logros “supostamente” acadados polos seus equipos. É curioso que desde as recentes advertencias feitas polo Consello Social á xestión económica e, sobre todo, desde que os e as representantes de Nós-Universidade advertísemos, con datos na man, sobre os riscos financeiros nos que está a incorrer a UVigo, agora tamén incorporen ao seu relato o argumento dunha “boa labor na administración dos recursos económicos”.

Pero isto vailles costar xustificalo, incluso pese ao flotador que a Facenda Pública lle acaba de lanzar cós millóns de euros da devolución do IVE correspondentes a anos precedentes. A esta “nova” hai que lle engadir o labor de “chapa e pintura” que a Xerencia lle está dando ás contas a base de demorar os concursos, tratando de aforrar o máis posible nun dos temas máis prioritarios.

Lembremos o que dixo a Xerenta na Reunión Ordinaria da Comisión Económica do Consello Social do 26 de xuño do ano pasado, segundo se recolle na acta (abro aspas):

Sobre as medidas de contención do gasto ... Yolanda Lesmes debulla diferentes iniciativas “para ir reequilibrando a situación ao longo do ano”, especialmente o aprazamento de incorporación de novo persoal ata ver a evolución, CONTENDO CONVOCATORIAS. “Cando saquemos a OPE, teremos que valoralo moito” (pecho aspas).

Buscando flores debaixo das pedras. Pero son **flores caducas**, que tal vez lle permitan ao Reitor e a o seu equipo marchar ao final deste mandato “coa cabeza alta” e sen “mancharse” demasiado, pero que van deixar detrás deles un bo feixe de dificultades orzamentarias, xunto a cadros de persoal escuálidos, envellecidos e desequilibrados, ... problemas aos que teremos que enfrontarnos seriamente máis pronto que tarde.

Esta é a situación de **FIN DE CICLO** que vivimos, agravada por unha Xerencia débil e un equipo pouco cohesionado, que intenta saír adiante como pode, exercendo as súas competencias con intencións claramente electorais, multiplicando as xuntanzas e as ofertas que non se fixeron antes, sen aclarar como poderán financiarse no futuro. Nada bo cabe agardar deste braceo, porque a ninguén se lle escapa a súa

intención última.

O reparto do poder e os comportamentos próximos ao clientelismo foron a estratexia que utilizou o actual Reitor para saír elixido, e seguen a ser hoxe unha característica distintiva dos seus equipos. E non lles foi mal, non; o problema é o mal que lle vai isto a Universidade de Vigo. Ofrecer cargos, e se tropezan con problemas segmentalos e multiplicar os nomeamentos, é un clásico destes anos. Así ven sucedendo desde que, sendo Decano de Ciencias no campus de Vigo, promoveu a separación nas 3 facultades actuais – Bioloxía, Química e Ciencias do Mar – que, lembremos, conviven nun mesmo edificio. Maximizar os recursos a acadar por ditos centros era a base da súa estratexia; da eficiencia na xestión dos recursos da universidade no seu conxunto nada se dixo.

Hoxe xa temos 31 Direccións de Área, segundo a páxina web da UVigo. Non é mala marca!!! Pero ánimo, aínda estamos a tempo de superala neste ano escaso que queda de mandato. O título dunha destas áreas é todo un convite á imaxinación: “Área de Estratexia de Recursos, Dotación e Redimensionamento dos Cadros de Persoal Técnico e de Xestión Administrativa”. As xustificacións dadas a estes nomeamentos tal vez trataban de dar resposta a un comunicado de Nós-Universidade á comunidade cando se soubo deles. Alí denunciámos a estratexia electoral do Reitor e do seu equipo, destacando o elevado número de persoas **designadas discrecionalmente para diferentes postos**, a maior parte delas PDI: 31 Direccións de Área e preto de 60 cargos de libre designación (aínda que é difícil dar una cifra precisa porque todo isto muda a moita velocidade dunha semana para outra).

Neste contexto, vén de anunciarse a creación de novos Institutos de investigación. Celebramos que se aposte pola investigación, mais preguntámonos: temos clara a folla de ruta? Non deberíamos encamiñar os esforzos cara á consolidación de centros de investigación fortes, ben financiados e recoñecidos, en lugar de multiplicar estruturas a meses das próximas eleccións sen garantir a súa viabilidade a longo prazo?

Para non violentar máis a Institución, convén que a obra finalice e os actores abandonen o escenario.

Na nova etapa que está a piques de comezar, as dificultades quedarán para as persoas que entren a gobernar a Universidade de Vigo. Necesítase de todo: unha xerencia sólida, un equipo cohesionado, un interese común e transversal no que estean presentes todos os ámbitos e campus, unha administración cauta, e un novo plan de financiamento favorable. Vontade firme de saír a flote e repensar, con seriedade, que imos facer con SIGMA, esa ferida pola que supuran todos os estamentos da institución: PTXAS, PDI e estudantado. Así non podemos seguir.

Será preciso traballar arreo xa que foron moitas as oportunidades perdidas e moitas as decisións erradas ás que teremos que cambiar o rumbo”.

Federico Fernández Fernández intervén para dicir que o PTXAS tamén existe, e o que queren é que se negocie a OPE, unha nova RPT, non queren parches senón algo que perdure no tempo. O seu colectivo nace, crece e acaba marchando, polo que deben ser contemplados e ter en conta cales son as súas problemáticas.

Juan José López Escobar, sobre o informe, formula un par de cuestións relativas ao Vicerreitorado de Investigación, Transferencia e Innovación. Fala dos descontos da matrícula para os predoc UVigo, xa que iso non pasa para os predoc UVigo contratados por Grupos, con cargo a un proxecto. Existe un agravio comparativo, xa o pediron en numerosas ocasións, houbo un amago pero ao final quedou en nada. A universidade quédase con parte do diñeiro dos proxectos, polo que podería abaratar a matrícula deste persoal. Os técnicos e xestores de apoio á investigación son equiparados ao PTXAS, é equivocado, quere saber se se está facendo algo ou non.

Noelia Rivera Vázquez, pregunta pola creación dun corpo de persoal técnico de xestión, quere saber cal é a previsión e a proposta do equipo de goberno. Ela pensa que son os PTXAS os que deben realizar ese traballo.

Jairo Rodríguez Martínez di que vai cambiar a dinámica. Non é o primeiro Claustro no que ve ao grupo NÓS, que fai unha oposición activa, pero non construtiva. Saen cun manifesto xa escrito, pero quere ver onde poñen a mellora da calidade estudantil, ou da participación estudantil, e da súa voz. Traen unha análise das contas, todo está moi mal, pero non sabe que é o que propoñen, que medidas. Finaliza este ciclo, pero o de criticar todo non lle parece ben, a universidade somos todos e hai que propoñer para mellorar, como facemos todos. Ademais, como representante dos estudantes, quere dicir que este equipo de goberno déixaos participar en todo, déronlle voz no Consello de Estudantes, escóitanos nos diferentes vicerreitorados e están satisfeitos. Facer oposición sen nomear estudantes, nin o seu nivel de vida, ni a calidade nin o nivel académico é unha oposición moi frouxa. Simplemente a confrontación non lle parece o axeitado, non ten sentido algún.

O reitor responde a Coral del Río que a división en 3 facultades fixoa o equipo de goberno no que estaba ela, que gobernou 20 anos, foron os que tomaron a decisión, xa que un decano non podía facer iso. Sobre o tema económico, algunha persoa dixo o seguinte: “vai permitir a Consellería de Facenda aprobar un orzamento que incumpra a regra de gasto e o principio de equilibrio orzamentario? Ogallá que si, pero ten dúbidas”. “Situación preocupante, temos desaxustes entre ingresos e gastos, que se repiten ano tras ano, e non se ve que estes desaxustes serviran para facer plans de futuro na universidade”. Os orzamentos do 2024 levábanos ao borde do precipicio, de acordo co que dicían estas persoas, e pasamos de ter dous millóns dos que vostedes falan “no peto”, a ter 10 millóns, e temos un ‘superávit’. Non semella que esteamos a ir cara ao precipicio.

A candidatura na que estaba ela era continuista, clientelar, e o actual equipo de goberno chegou dende fóra, co cal era imposible unha compra de vontades.

Tíñase a intención de facer unha reforma profunda da RPT (respondendo a Federico) porque o pediu a parte sindical. Pediron que esperásemos aos procesos de estabilización para negociar a RPT. Precisamente a persoa que se fichou agora é para poder facer unha proposta completa de Relación de Postos de Traballo. Responde tamén á Juan José López Escobar que para o desconto dos predoc que financian os grupos, eses 200 euros, fixéronse negociacións pero non chegaron aínda a bo termo na mesa de negociación. Engade tamén que o persoal investigador será tratado na Comisión de Estatutos para facer unha proposta con respecto aos seus dereitos, deturpados, pero agora que temos un servizo de captación de persoal tratarase de recoller a este colectivo, deixando este asunto arranxado. Fala tamén do convenio colectivo, co propósito de que estean incluídos os dereitos deste grupo no convenio colectivo que se vai negociar.

Intervén a continuación Álvarez Villamarín. Di que non é doado preparar unha resposta a un discurso exitoso, cunha enchente de información onde case non se ven as porcentaxes de grao de cumprimento. Quere comentar brevemente dous temas: o reitor fai de xeito novidoso un discurso sobre economía, acusando a algúns deles dun discurso catastrofista. Especifica que o que fan é avisar dun risco cos orzamentos que se presentaban no Claustro. Había moitas dúbidas sobre o resultado, xa que había desequilibrio entre o gasto e o ingreso corrente. Era soamente sinalar un dato que viña nos orzamentos, nas contas liquidadas houbo cambios, algúns deles curiosos. Convocouse con moita premura o Claustro, é chamativo, non sabe se estaba todo pensado. Eles avisan dos riscos que ten utilizar remanentes para gastos correntes, era o que estaban avisando.

Despois diríxese ao estudante Jairo Rodríguez xa que, como docente, segue esperando o reequilibrio de ámbitos. Dille que pregunte que número de estudantes de media atende cada PDI.

A Coral del Río non lle gustaría que pensase que facía unha crítica persoal porque non o fixo, era unha crítica ás políticas que esa persoa impulsou ao longo destes últimos anos. Lémbrese de cando se coñeceron? O reitor era vicerreitor no grupo de goberno no que estaba ela, como directora de Igualdade, en equipos de Alternativa universitaria, no que el tamén estaba, e cre que fixeron moitas cosas boas pola Universidade de Vigo. Reafírmase no contado por Álvarez Villamarín, plantillas envellecidas, tanto en

PTXAS, como en profesorado, e que non hai a remuda necesaria, aínda que recoñece o traballo feito pola vicerreitora de Profesorado neste asunto.

O reitor está enormemente agradecido de traballar a prol da Universidade de Vigo. Nunca pertenceu a Alternativa, era independente, e estivo moi ben traballando con Alberto Gago cando era reitor.

Comenta o que remitiron aos xefes de servizo con respecto á RPT, aínda que será negociada coa parte sindical.

O reitor responde a Álvarez Villamarín polo que dixo dos prazos para facer o Claustro, o ano pasado foi o día 5 de xullo e o anterior o día 12 de xullo.

O estudante pregúntalle a Álvarez Villamarín se coñece o traballo que fan os estudantes, en ningún momento escoitou nada ao respecto. Se queren ser oposición teñen que escoitar a todos, para poder presentar as argumentacións dos estudantes.

Coral del Río responde que o estudante, como claustral, é o que ten que presentar propostas para o seu colectivo, melloras para os estudantes.

4. Informe de seguimento e avaliación anual do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

O reitor agrádecelle a Mónica Siota o esforzo levado a cabo co Plan Estratéxico. Antes había varias persoas encargadas, entre elas o anterior adxunto ao reitor, Jacobo Porteiro. Engade que se trata dun plan aberto, a documentación a teñen os claustrais.

Mónica Siota agradece a Jacobo Porteiro a súa axuda para poder levar a cabo este informe, resumido na seguinte presentación:




INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO



Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico

Universidade de Vigo



Estrutura do informe

1. Introducción
2. Metodoloxía
3. Análise dos obxectivos estratéxicos
4. Resumo

Universidade de Vigo

1. Introducción



Plan Estratégico 2021-2026

Aprobación

- ✓ Aprobación polo Claustro (16 de decembro de 2020)
- ✓ Aprobación polo Consello de Goberno (21 de decembro de 2020)
- ✓ Aprobación polo Consello Social (23 de decembro de 2020)

Seguimento

- ✓ Informe de seguimento 2021 (Claustro decembro 2021)
- ✓ Informe de seguimento 2022 (Claustro decembro 2022)
- ✓ Informe de seguimento 2023 (Claustro decembro 2023)
- ... Informe de seguimento 2024 (Claustro xullo 2025)

Universidade de Vigo

1. Introducción

INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL

PLAN ESTRATÉGICO 2021-2026
SEGUIMIENTO DE SEGUIMIENTO

Universidade de Vigo

Comisión de seguimiento do Plan estratéxico

Membros (25)

Reitor (Presidente)

Mónica Siota Álvarez (Secretaria)
Ana Bernabeu Tello
Margarita Pino Juste
Francisco Xavier Martínez Cobas
David Basalo Domínguez
Raquel Gándón Chapela
Alejandra Vilas Rodríguez
Rosa M.ª Graña Costas
Rodrigo Alberte Plvida
Juan Jesús Rico Fuentes
Pedro Manuel Carro Parafita
Manuel Diz Folgar
Nicolás Balsa Fernández
José Manuel Rúa Estévez
Eva Lantarón Caeiro
Susana Reboreda Morillo
Francisco Javier Rodríguez Martínez

Consuelo Currás Valle
Isela Levilla Beltrán
Antonio Collazo Fernández
Mª de los Angeles Fernández Villarino
Alexandre Rodríguez Guerra
Jesús Graña Nogueiras
Javier Touza Touza

Reunións correspondentes ao informe de seguimento 2024:

- 20/01/2025
- 20/06/2025

Universidade de Vigo

1. Introducción

INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL

PLAN ESTRATÉGICO 2021-2026
SEGUIMIENTO DE SEGUIMIENTO

Universidade de Vigo

•A Unidade de Análise e Programas coordinou os seus esforzos cos dos diferentes Servizos e Vicerreitorías para obter os indicadores.

•A comisión traballou, sobre todo, na sistematización e revisión dos indicadores, acadando grandes progresos en comparación cos anos anteriores. Con todo, queda traballo por facer: hai 49 indicadores sen avaliar.

•Definíronse 162 indicadores, o que supón 19 indicadores novos en comparación co informe de seguimento e avaliación do 2023.

•Avaliáronse 113 indicadores. Moitos destes indicadores comparáronse cos valores obtidos no 2023, para así poder coñecer a tendencia.

•Xeráronse 22 evidencias.

•32 indicadores foron reformulados -aconsellouse a eliminación ou substitución de 8-.

Universidade de Vigo

2. Metodoloxía

Evolución 2021-2022	Símbolo	Significado
Se os indicadores están dispoñíbles, en base á comparación entre eles, e tomado sempre que o aumento representa mellora (se o indicador debe diminuír, a tendencia positiva é que no 2022 sexa máis baixo que no 2021)		
Negativa	↓	Claro descenso do indicador
Tendente á baixa	↘	Lixeiro descenso
Estable	→	Valor suficientemente próximo como para non poder falar de cambio
Tendente á alza	↗	Lixeiro ascenso
Positiva	↑	Claro incremento do indicador
No caso de que os indicadores non estean dispoñíbles ou sexa imposible facer a comparación cuantitativa entre eles.		
Evidencia xerada	✓	Evidencia xerada. Non é posible a comparación
Novo indicador	↑	Non existe aínda base para a comparación
Non available	≡	Non é posible facer unha comparación cuantitativa.

- No informe 2021 analizáronse **66** indicadores
- No informe 2022 empregáronse **98** indicadores
- No informe 2023 alcanzáronse **143** indicadores
- No informe 2024 definíronse **162** indicadores
- Polo xeral as tendencias mídense pola evolución anual
- A Comisión de Seguimento tamén traballou na definición dos **valores obxectivo** dalgún dos indicadores

UniversidadeVigo

3. Análise dos obxectivos estratéxicos

Seguimento do Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2024). Informe 2024

Evolución dos indicadores 2021-2024

#	INDICADOR	2021	2022	2023	2024	OBJ.
1.0.1	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo
1.0.2	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo
1.0.3	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo
1.0.4	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Clase 100001	Presencia de centros de investigación de referencia en áreas de investigación prioritarias para a Universidade de Vigo

Indicadores sen cambios na súa formulación

UniversidadeVigo

UniversidadeVigo

10

4. Resumo

- En 2024, coincidindo co cuarto ano do Plan Estratéxico 2021-2026, realizouse unha revisión e seguimento polo miúdo do plan.
- O Plan Estratéxico conta con **30 obxectivos** e **124 accións**.
- Das **124 accións estratéxicas** que forman o plan, **11** xa están completadas, **91** están iniciadas e **22** están pendentes.
- No seguimento do 2024ponse de manifesto a tendencia á mellora xeneralizada dos valores dos indicadores, representando os indicadores con evolución positiva o 54,8% dos avaliados.
- A diferenza do seguimento de 2023, no 2024 hai algúns indicadores con evolución negativa; porén estes representan só o 8,5% dos indicadores avaliados.
- Os datos poñen de manifesto un bo progreso na execución do Plan Estratéxico.

UniversidadeVigo

Intervén a continuación Jaime González, coas seguintes palabras:

"A miña intervención vai relacionada co punto 11 do plan estratéxico relativo á mellora das infraestruturas universitarias. Pido desculpas antes de nada por falar so do campus de Vigo pois é o que coñezo ao estudar e traballar alí.

Observe con preocupación que os indicadores permanezan estables tras 4 anos. No punto 11.2.1 se fala dunha mellora significativa da opinión do PTXAS e estudantado, máis eu vexo que permanece estable ou cae vendo a valoración de catro anos atrás.

Por iso pregunto agora á comisión de seguimento e por conseguinte ao equipo de goberno que avances hai ou se esperan en relación ao estudo e a mellora da accesibilidade física e acondicionamento dos espazos.

Como propostas volvo a traer as que xa mencionei no claustro de decembro. Mellora da disposición de tránsito no campus. Pavimentación dos camiños, instalación de pasamáns e demais elementos facilitadores da mobilidade, mellora das marquesiñas de autobús para facilitar a chegada ao campus.

Por outra parte, a mellora e o acondicionamento dos aularios. Mellora da disposición, asentos e clima das aulas. Sei que isto é un reto dada a variabilidade climática da nosa rexión, e que estas son competencias dos centros. Pero espero do equipo de goberno un plan para estimular estas melloras.

Tamén recoñezo a dificultade económica á hora de facer gastos tan grandes en infraestruturas, pero á hora de afrontar os debates polas futuras partidas orzamentarias, non so a do próximo este ano senón para o equipo de goberno que recolla o bastón de mando para que teñan en conta este pedimento. Finalmente, recollo o espírito das verbas do director da Escola de Enxeñaría Industrial, o profesor Fariña, no pasado

consello de goberno cando dixo que antes de pensar en futuras obras e construción de novos edificios, pensemos en manter os que xa temos".

Intervén a continuación Xosé Henrique Vázquez, en nome de Nós Universidade, quen remite a súa intervención:

“En nome de NOS Universidade gustaríame comezar agradecendo o esforzo da comisión de seguimento por continuar, un ano máis, este exercicio de avaliación do Plan Estratéxico da universidade. Levar adiante un proceso coma este require coordinación e moita dedicación; é de xustiza recoñecer ese traballo.

Con todo, seguro que todos estamos de acordo, a comisión en primeiro lugar, en que un informe de seguimento non pode ser xulgado tan so polo esforzo involucrado ou pola súa boa redacción; debe ser avaliado, sobre todo, polo seu poder transformador. Aquí é onde me gustaría centrar a miña intervención.

Un informe como este non se fai para ser aprobado no claustro. Un traballo de seguimento debe axudar á universidade a tomar mellores decisións, a priorizar, a reaxustar. Se non o fai, se non permite avaliar avances nin formular aprendizaxes, entón pode chegar a perder a súa razón de ser como instrumento de gobernanza. Porque perdería o seu potencial transformador.

Permitídemme ilustrar esta reflexión arredor de tres apartados:

a) Primeiro: sobre a metodoloxía e a avaliación.

O informe presenta os 26 obxectivos do plan, pero non é doado entender con que criterio se avalía o seu grao de execución. Non o é porque faltan metas anuais, valores obxectivo, ou escalas comúns de interpretación. Isto dificulta moito saber se un determinado resultado é positivo, insuficiente ou preocupante. E por tanto impide discutir que facer ao respecto.

Por exemplo, no caso da internacionalización, o informe sinala que a mobilidade entrante se sitúa no 3,2%. Pero... é moito? É pouco? O plan non establece unha meta nin un valor obxectivo. Non ofrece tendencias, nin valoracións, nin contextualización. Sen ese marco, o dato queda illado, e perde valor como ferramenta de seguimento que induza ao cambio.

b) Segundo: sobre o que se fixo, e o que non se analiza.

O informe recolle accións que se levan a cabo en distintos ámbitos, pero non analiza se esas accións funcionan ou non, se están a conseguir os resultados desexados, ou se cómpre facer cambios. É como contar o que se fixo, pero sen preguntarse se serviu para algo.

Por exemplo, en materia de igualdade. Destácase que se ofrece formación e se publicaron materiais. Isto é positivo, pero non se di cantas facultades ou servizos puxeron en práctica medidas reais, nin se se detectou algún cambio na cultura organizativa. É dicir, fálase un pouco da acción, pero non do efecto. E sen iso, non podemos saber se avanzamos, ou se só cubrimos expediente.

c) E terceiro: sobre para que serve todo isto, ou para que debería servir.

Os obxectivos non teñen responsables nomeados, non hai conexión co orzamento, non se propoñen accións correctoras. Sen estes elementos, o documento non axuda á gobernanza. Non permite priorizar nin identificar problemas de execución.

Entón, se algún día quixéramos que a planificación da universidade non sexa só un exercicio formal, onde por un lado vai o informe de seguimento que aprobamos anualmente no claustro, e por outra distinta o goberno da universidade, precisamos ferramentas que nos axuden a facer seguimento de verdade. E iso pasa por dispoñer dun cadro de mando útil, claro e compartido.

Propoñer un cadro de mando para a UVigo non é novidoso nin representa algo complicado. Que necesitamos?

1. Que cada obxectivo do plan teña indicadores clave, fáciles de entender e medibles ao longo do tempo.
2. Que se definan metas concretas e se dispoña de datos actualizados para saber en que punto estamos.
3. Que haxa unha persoa ou unidade responsable de impulsar ese obxectivo.
4. Que poidamos ver de xeito visual se un obxectivo avanza ben, se vai con retraso ou se require atención urgente.
5. E por suposto, que se algo non vai como debera, se propoñan medidas para corrixilo.

Non se trata de facer máis documentos, senón de construír unha ferramenta viva de gobernanza, e para isto sería recomendable tamén acompañalo dun soporte dixital de seguimento. Esta ferramenta permitiría visualizar en tempo real o grao de execución dos obxectivos, centralizar os datos dos diferentes servizos, e xerar informes automatizados que faciliten a rendición de contas. Porque para isto serven estas ferramentas: para sistematizar a rendición de contas do equipo de goberno, e con elo transformar a organización na dirección que desexamos.

O único que se require é saber que edificio queres construír, e ter unha mínima idea de como facelo desde o punto de vista do deseño e despregue das ferramentas de xestión. A UVigo ten o talento técnico, a capacidade organizativa e as persoas comprometidas para dar ese paso.

Cal é a alternativa? Facer planificación estratéxica como quen debuxa un mapa pero non o usa. Facer informes con capacidade moi limitada para corrixir, priorizar, e decidir. Pero isto non sería gobernanza; isto levaríanos a unha situación de autoengano institucional”.

Mónica Siota responde a Xosé Henrique Vázquez que algúns non teñen valores obxectivos pero moitos outros si o teñen. A ela persoalmente, da breve traxectoria que leva neste cometido, estalle servindo moito, con indicadores negativos que neste informe si hai.

O reitor agradece a Mónica Siota o seu traballo, así como a David Basalo.

Invita a Xosé Henrique Vázquez para que forme parte da Comisión do Plan Estratéxico, como comisión aberta que é.

5. Informe da Valedora Universitaria correspondente ao ano 2024.

O reitor cede a palabra á Valedora Universitaria, Esther Pillado, quen indica que cumpre coa obriga dos Estatutos da Universidade de Vigo, e rende contas diante da comunidade universitaria. Informa que todos teñen a memoria, falará dos datos, e dunha breve análise estatística. Vaise referir tamén as mediacións que tamén se levaron a cabo, regradas, e non fará alusión a intermediación ou avaliación informal.

- Expedientes incoados.
- Consultas tramitadas.
- Mediacións regladas.
- Recomendacións dirixidas aos órganos e servizos da Universidade.

**Análise
estadística**

Universidade de Vigo

Evolución dos expedientes 2011-2024

Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Evolución das consultas (2019-24)


Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Número de expedientes por colectivo


Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Número de consultas por colectivo

Valedoria Universitaria



Universidade de Vigo

Comparativa de expedientes por colectivo dos anos 2020-2024


Valedoria Universitaria



Universidade de Vigo

Número de expedientes por campus


Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Número de consultas por campus


Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Número de expedientes por xénero


Valedoría Universitaria



Universidade de Vigo

Número de consultas por xénero

Valedoría Universitaria




Universidade de Vigo

Mediacións

Valedoría Universitaria



3 mediacións
formais




Universidade de Vigo

Recomendacións 2024

Valedoría Universitaria



31 recomendacións



Universidade de Vigo

A valedora engade que o traballo dunha Valedoría soamente é posible coa colaboración dunha valedoría independente e imparcial. O reitor di que baixa un pouco a tendencia de solicitudes á valedora e coméntalle tamén que a mediación está atribuída á Valedoría no borrador de Estatutos. A valedora di que a tendencia é a alza, porque hai moitas consultas.

Aproveita para despedirse xa que se supón que é a última memoria que presenta como valedora. A próxima vez será outra persoa a que presente a memoria. Foi unha etapa intensa, de moito traballo. Pide desculpas se nalgún momento cometeu un erro, xa que actuou sempre con boa vontade, e por último dá as grazas.

6. Informe sobre transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, quen agradece a David Basalo o seu traballo e apoio.


É o oitavo informe de transparencia, e o obxectivo é render contas á sociedade e á comunidade universitaria en temas de transparencia.

- Balance: alto grao de cumprimento.
- Actualizáronse 148 ficheiros e informes.
- Incremento do número de visitas: 143.405
- Volveu acadarse o selo t de transparente *** pola Fundación Haz. Cumprimento dun 98%, 61 sobre 62 puntos.
- Plataforma DYNTRA: 3ª, 160 de 169 indicadores.
- Clasificación de transparencia das administracións públicas.

O informe completo está coa documentación dos claustrais.

7. Aprobación, se procede, da creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta o novo Instituto de Investigación INCIDE:



Fonte: informe SUG EC3 Metrics, 2024

Regulamento da creación e xestión dos institutos de investigación da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro en decembro e 2021)


- Investigadores garantes (2)
- Investigadores promotores (12 permanentes). Sexenios>2
- Plan estratéxico
- Estrutura de goberno: xunta directiva, comisión científica, director/a, secretario/a
- Proceso de vinculación e desvinculación do persoal
- Avaliación externa, comité asesor externo

- Avaliación externa: dous avaliadoras, avaliación moi favorable
- Aprobado pola comisión de investigación o 14/05/2025
- Posta a exposición pública e recepción de alegacións
- Revisións das alegacións e acordo cos/as partes alegantes.
- Ratificación tras os cambios pola comisión de investigación o 20/06/2025

Unha área na cal destaca a nosa universidade



Instituto de Investigación en
Ciencias do Deporte (Incide)
Universidade de Vigo



Universidade de Vigo



Valores

- 1) Internacionalización
- 2) Cooperación e integración
- 3) Excelencia
- 4) Especialización
- 5) Responsabilidade social e sostibilidade

Universidade de Vigo



Finalidade

O Incide ten o propósito de se converter en plataforma de referencia para a promoción e para o desenvolvemento do coñecemento científico no ámbito do exercicio físico, a saúde, o rendemento deportivo e a educación física. Isto é, contribuír ao avance do coñecemento no ámbito da actividade física e o deporte, mellorando a calidade de vida da sociedade e potenciando o rendemento deportivo de maneira baseada na evidencia científica.

Persoas investigadoras garantes

- **Carlos Ayán Pérez.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Roberto Barcala Furelos.**
Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **José María Cancela Carral.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Carlos Lago Peñas.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva

Persoas investigadoras promotoras

- **Carlos Ayán Pérez.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Roberto Barcala Furelos.**
Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **José María Cancela Carral.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva

Persoas investigadoras promotoras

- **María de los Ángeles Fernández Villarino.**
Profesora titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo
- **Óscar García García.**
Profesor titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo
- **Alfonso Gutiérrez Santiago.**
Profesor titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo

Persoas investigadoras promotoras

- **Carlos Lago Peñas.**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **José María Pazos Couto.**
Profesor titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **Ezequiel Rey Eiras.**
Profesor titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal

Persoas investigadoras promotoras

- **Vicente Romo Pérez.**
Profesor contratado doutor na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **Patricio Sánchez Fernández.**
Profesor titular na Área de Economía Financeira e Contabilidade.
- **María Elena Vila Suárez.**
Profesora titular na Área de Educación Física e Deportiva

Liñas de investigación


1. Análise do efecto da carga de adestramento e competición en deportistas de élite
2. Exercicio físico para persoas maiores
3. O rendemento deportivo a través da metodoloxía observacional
4. Avaliación da competencia motriz
5. Exercicio físico en poboacións especiais

Liñas de investigación

6. Epidemioloxía da actividade física e saúde pública
7. Emerxencias na actividade física e o deporte, salvamento e socorrismo
8. Adestramento deportivo en deportes colectivos
9. Praxe docente na educación física e do deporte
10. Análise do rendemento en deportes colectivos
11. Economía do deporte: xestión e finanzas

Plan estratéxico 2025-2029

Traballando en equipo sobre **7 Eixes clave**



Universidade de Vigo



Indicadores

	2026	2027	2028	2029
E1. CREAR UNHA CULTURA DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E REFERENTE				
1. Persoal de referencia nos órganos de goberno.	120	120	120	120
2. Informes do Comité Interno da Dirección.	1	1	1	1
3. Nº de persoas da unidade de apoio.	1	1	1	1
4. Nº de xornadas de investigación en sinde.	0	1	1	2
5. Formento dun plan de investigación.	1	1	1	1
6. Existentes dun plan de acción de mellora da calidade.	1	1	1	1
7. Número de visitas á páxina web.	2.000	3.000	6.000	8.000
E2. ALCANZAR UNHA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA				
8. Nº total de investigadores con vinculación permanente.	12	28	35	40
9. Nº de I+D+I activos no grupo.	4	7	7	7
10. Nº de mulleres I+D no grupo.	0	1	1	1
11. Nº de investigadores postdoctorais.	2	3	4	4
E3. CREAR E MANTER O OUTPUT DE PUBLICACIÓNS				
12. Nº de publicacións en revistas SCOPUS ou Web of Science.	20	50	70	75
13. Nº de libros, monografías e capítulos de libros.	2	2	3	3
14. Nº de traballos presentados en Congresos/conferencias de perfil alto.	4	7	9	10
15. Colaboracións con centros e institutos autonómicos.	5	4	5	5
16. Colaboracións con centros e institutos internacionais.	1	2	3	4
17. Edición/tradución de publicacións internacionais.	10	12	16	18
18. Participación en comités/órgans de dirección da investigación científica.	1	2	3	3
E4. ALCANZAR PARTNERSHIPS ESTRATÉGICOS E COLABORACIÓNS				
19. Reunións/vídeos de potenciación de partnerships e colaboracións.	0	4	5	6
E5. TRANSFERIR O COÑECIMENTO AO SECTOR PRODUCTIVO				
20. Nº de contratos e consorcios de investigación con empresas.	1	2	3	4
21. Nº de contratos ou consorcios de investigación con outros sistemas (administración pública, etc).	0	1	1	1
22. Nº entidades públicas e privadas con que se realice consorcios ou consorcios.	1	2	2	3
23. Recursos captados con entidades públicas ou privadas a través de consorcios ou consorcios (€).	0	10.000,00 €	10.000,00 €	18.000,00 €
24. Nº actividades de divulgación á sociedade.	2	4	4	5
25. Nº de publicacións en revistas de carácter divulgativo, docente ou académicas.	3	3	4	4
26. Nº de congresos/seminarios/cursos/temas de difusión de resultados organizados.	1	1	2	3
27. Nº de mulleres en reunións e actividades do instituto.	4	10	16	20
E6. CREAR EN FINANCIAMENTO EXTERNO				
	2026	2027	2028	2029

Universidade de Vigo



Indicadores

28. Nº de proxectos en convocatorias competitivas autonómicas.	1	2	2	2
29. Nº de proxectos en convocatorias competitivas estatais.	3	3	4	4
30. Nº de proxectos en convocatorias competitivas internacionais.	0	1	2	2
31. Fondos captados en convocatorias competitivas.	25.000,00 €	40.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
E7. POTENCIAR E RETER O TALENTO CIENTIFICO	2026	2027	2028	2029
32. Nº de tesis doctorales que se están dirixindo.	10	12	14	16
33. Nº de tesis doctorales defendidas.	5	5	7	8
34. Nº de traballos de fin de máster dirixidos	10	12	15	20
35. Nº de investigadores visitantes.	1	2	4	4
36. Nº de técnicos de apoio (informática, laboratorio).	2	2	3	3
37. Docencia en programas de doutoramento e outras actividades formativas.	4	6	6	10
38. Estancias de investigación en outros centros.	2	3	4	5

O reitor agradece a Carlos Lago Peñas o seu traballo para levar adiante o INCIDE.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da creación da Comisión para o estudo de novas titulacións e novos modos de docencia.

Retírase o punto.

9. Elección de membros do CG polo sector decanos/directores: 2 vacantes.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

Decanos/Directores: 2 vacantes

- ✓ María Isabel Mociño González (Facultade de Educación e Traballo Social)
- ✓ Virxilio Rodríguez Vázquez (Director do departamento de Dereito Público)
- ✓ Jesús Vázquez Abad (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo)

Hai que celebrar eleccións.

Preparáronse as urnas necesarias para poder exercer o dereito de voto.

Sáíron elixidos:

1. Virxilio Rodríguez Vázquez: 34 votos.
2. María Isabel Mociño González: 32 votos.

10. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:

A. Comisión Electoral (2 vacantes).

B. Consello de Campus de Ourense (3 vacantes).

C. Consello de Campus de Pontevedra (4 vacantes).

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Comisión Electoral (2 vacantes):
Non se presentaron candidaturas
- Consello de Campus de Ourense (3 vacantes):
Non se presentaron candidaturas.
(Kenia Caridad Sánchez Espinosa, NON é clausttral)
- Consello de Campus de Pontevedra (4 vacantes):
 - Telmo Fernández Domínguez (Facultade de Comunicación)
 - Sabela Pérez Martín (Escola de Enxeñaría Forestal)
 - Abbeba Dinknesh Suárez Dopico (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte)

Non hai que celebrar eleccións.

11. Elección dun membro no Consello de Campus de Ourense: 1 PDI-B.

- Sector PDI-B: 1 vacante
Non se presentaron candidaturas.

12. Quenda de intervencións.

José Ángel Álvarez Moreira comenta que remitirá a súa intervención para incluír na acta, constando o pdf remitido como anexo á acta (Anexo I).

Federico Fernández intervéñen con respecto á RPT, para coñecemento de todos, falando de temas pendentes como son a revisión das normas de xestión dos procesos de PTXAS, as oposicións, as listas de agarda, a estrutura para todo isto, a carreira profesional, a xornada laboral; pero cunha pequena precisión, non somos a UNED, e non facemos as cousa a distancia. Hai que adaptar a xornada, pero somos unha universidade presencial. Recolle o guante de que o reitor está disposto a negociar ata o límite do seu mandato co colectivo do PTXAS, que están dispostos a negociar melloras.

Juan José López Escobar: as axudas Erasmus + antes non tiñan retención do IRPF (fai 2 anos), pero agora si teñen esa retención. Parécelle incongruente. Ademais esta problemática non afecta soamente aos Erasmus + senón tamén aos postdoc da Xunta de Galicia, cunha axuda de mobilidade da que a Xunta di que non se reteña, polo que non entende que se faga esta retención tendo unha instrución da Xunta que fai unha exención desta retención.

A segunda cuestión é que o Servizo de recursos humanos non os deixa participar nos proxectos que sexan no estranxeiro, non teñen que estar no centro de traballo para facer esa investigación. Por último, con respecto ao regulamento de contratación, o currículo da FECYT non recolle os idiomas, etc. non é o axeitado para presentarse a un concurso. Nas últimas convocatorias quedaron algúns excluídos. Sería mellor que o tribunal sexa quen de avaliar os currículos como considere oportuno. A USC mantén o selo HR e resolve nun mes.

Concepción Paz pregunta sobre a avaliación da Produción Científica. Aínda non a recibiu, e as datas de peche de exercicio nalgúns departamentos van a impedir poder levar a cabo o seu traballo se non se fan as transferencias de crédito co tempo suficiente.

Jacobo Porteiro intervén para dicir que esperaba o Claustro de hoxe para ter un debate sobre o título de Medicina. Coida que se coñece a postura da UDC, que solicitou unha facultade. Iso incumpriía o pacto do 2015. Díxolle ao reitor se non debería ser esa segunda facultade na contorna de Vigo, cunha área sanitaria moi grande, mentres que Santiago de Compostela, coa facultade de Medicina máis grande de España ten unha área sanitaria pequena que non cobre as necesidades dos estudantes. Temos moitas escolas de enfermaría, o Instituto Sanitario Galicia Sur, temos como mínimo argumentos para participar neste debate. Retirouse o punto (non se falaba directamente de medicina, cando o que temos que facer é falar claramente de Medicina). Reclama un punto para o Claustro que corresponda, para falar de Medicina.

O reitor dille a Álvarez Moreira que verá con atención o escrito que envíe. Non sabía nada dunha universidade privada nova en Ourense.

Responde a Federico que un documento de flexibilidade presentárase mañá, para encontrar puntos de encontro. O Plan piloto de teletraballo será primeiro coa área TIC.

Responde tamén a López Escobar, cre que o acordo dos 200 euros a UVigo os paga nas bolsas que saca institucionalmente, pero respecto ás outras non se chegou a un acordo coa representación sindical, polo que non se pode pagar. Podemos facelo ben para chegar a un acordo mellor con respecto ao PI. Imos negociar un convenio colectivo con respecto ao persoal investigador. No tema do IRPF obedecemos a quen ten a competencia, que non é a Xunta, senón o organismo correspondente. O que está escrito pola asesoría fiscal temos que cumprilo. Pídelle a López Escobar que fale coa vicerreitora de Investigación sobre eses temas. Durante toda a duración do proxecto ten que estar contratado.

A vicerreitora engadiu unha frase para que en situacións excepcionais se poida modificar. Parecíalle acaído o currículo FECYT porque é o que se solicita en todas as convocatorias. Había un atranco que quedara aí, quedaran cento e pico contratos sen facer, e agora o novo servizo está baleirando todo o atranco que había. Vaise tardar moito menos no futuro. Hai que respectar a lei de Procedemento Administrativo e os prazos legalmente esixidos.

O reitor continúa respondendo, neste caso a Concepción Paz, dicindo que imos ver por se houbera que prorrogar algún prazo. Con respecto ao debate de Medicina, o profesor Espada foi o primeiro. Despois o alcalde Manuel Pérez, do PP, despois Lois Pérez Castrillo, do BNG, e agora o alcalde Abel Caballero, do PSOE. O reitor é especialmente coidadoso cando fala de titulacións, xa que este mes ían falar de titulacións xa preacordadas, que veñen a Campos de especialización. Calquera cousa que diga vai ser analizada detalladamente. Cando se fixo o acordo de 2015, foi bastante pobre e sabía que non lle serviría para crecer. Agora ben, interésalle á Universidade de Vigo que a súa aposta sexa a titulación de Medicina? Hai que ter unha mirada ampla, con títulos que aínda se teñen que implantar nos distintos campus. Antes de pechar calquera acordo, habería que ver a mellor formación do estudantado galego. Non debería duplicarse unha titulación, e pelexará por un acordo que sexa bo para as galegas e os galegos. Parécelle tremendo que no

futuro poida haber dúas facultades de Medicina na mesma provincia. Ningún problema para falar disto, incluso nun ámbito máis amplo. Non radia as negociacións, xa que se fan na mesa de negociación. Chegou a presentar a súa dimisión por un problema cunha titulación. A opción que máis lle gustaría é unha táboa de grises, e cre que hai canle para atopar unha solución. Se algunha universidade rompe, non será porque rompa UVigo. Jacobo Porteiro di que pode estar de acordo con moitas cousas que dixo pero, igual que a UDC, ten o encargo de pedir unha facultade de Medicina.

O reitor responde a Jacobo Porteiro dicindo que o reitor da UDC o dixo simplemente nun informe do reitor.

O reitor agradece a paciencia e a asistencia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 h do día 8 de xullo de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral



José Ángel Álvarez Moreira,
Representante de Estudiantes en Claustro Universitario

Con respecto al Punto 12 ‘*Quenda de Intervencións*’ de la Orden del Día de la sesión Ordinaria del Claustro del día 8-7-25,

Primero: Ruego conste en acta el presente escrito, así como las respuestas al mismo, si las hubiere, tanto a éstas como a las realizadas anteriormente como fueron: lista de distribución para estudiantes, conversión de TFG en asignatura, , cumplimiento del art.56 de los Estatutos ‘reglamento de disciplina académica e universitaria da Universidade de Vigo’, aparición en el SID del cálculo de las dos desviaciones típicas, informes de materias con bajas Tasas, relación de investigadores con su producción, ..., y que no remarcaré

Segundo: Además del posible recurso para Derecho en la UIE Tengo entendido que hay una petición, de creación de una nueva universidad privada en Ourense. Y teniendo en cuenta la pregunta que sobre ampliación de titulaciones plantee en la sesión de Claustro del 22-12-23 La cuestión que planteo es la siguiente: El solicitante, pide, según su página web, 20 grados entre los que están Enfermería, Ingeniería Informática o Administración y Dirección Empresas, que incumplirían con el artículo 13.g de la L.6/03 que dice que en la creación de universidades privadas *O catálogo de titulacions ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacions preexistentes e consolidadas no SUG, (...)*, con lo cual. ¿La Universidad de Vigo va a asumir una actitud proactiva y va denunciar este incumplimiento?

Tercero: Siguiendo con la pesadez del tema de métodos de evaluación continua, unos comentarios iniciales antes de las cuestiones: Según la RAE, **docencia** es la impartición de conocimientos, técnicas, procesos, etc, con el objetivo básico, fundamental, ... que los receptores (es decir los estudiantes) obtengan unas capacidades o competencias.

Además, todos los trabajadores del mundo tienen una serie de restricciones para cumplimentar su labor. Y los trabajadores públicos también deben cumplir con el Estatuto del Empleado Público (RDL 5/15), entre otros con sus artículos 52 (Código Conducta), 53 (principios éticos) o con el 54.3 que indica textualmente que *“Obedecerán las instrucciones y órdenes profesionales de los superiores, salvo que constituyan una infracción manifiesta del ordenamiento jurídico, en cuyo caso las pondrán inmediatamente en conocimiento de los órganos de inspección procedentes”*

Por lo cual, según creo, los docentes universitarios tienen que cumplir, en cuanto su aplicación en los sistemas de evaluación, con, entre otros, los siguientes 7 criterios/restricciones:

a) La asistencia a clase es un derecho del estudiante, y una obligación para el docente. Esto significaría que si un estudiante no asiste a una clase, o a varias, no puede ser castigado por ello, ya que es ilegal sancionar el ejercicio de un derecho.

Por tanto, en caso de ser evaluada la asistencia, la inasistencia no puede tener una calificación negativa, en todo caso tendría una calificación de NoPresentado, en referida parte/actividad de la evaluación continua

b) Los estudiantes universitarios son mayores de edad (salvo algunas excepciones en su primer cuatrimestre de 1º de grado)

Por tanto para la toma de apuntes personales un estudiante, mayor de edad, tiene la capacidad y libertad para utilizar el método de toma de apuntes que mejor le convenga, sea éste a través de lápiz y cuaderno, y/o a través de bolígrafo y folios, y/o a través de tablets, ordenadores, móviles u otros medios digitales. Evidentemente el uso de aparatos electrónicos sería sólo para toma de apuntes, nunca para la realización de pruebas evaluables, tal como se establece en el art. 28.7 del reglamento de Avaliación

c) El estudiante tiene, según el art.34.2 del Reglamento sobre a Avaliación, a Calificación e a Calidade da Docencia e do Proceso de Aprendizaxe do Estudantado, derecho a conocer *os resultados das probas de avaliación continua (...) nun prazo máximo de quince días hábiles desde a súa realización*, y, además continúa diciendo que *as cualificacións correspondentes á avaliación continua da materia deberán estar a disposición do estudantado cunha antelación mínima de cinco días hábiles á data de realización das probas de avaliación final*

Por tanto en el caso de incumplimiento de referida obligatoriedad se debería prohibir/anular la realización de la prueba final, o incluso, la aplicación del artículo 24 de la ley 39/15 (*Silencio administrativo positivo: es decir aprobado*)

Lo cual significa que, según referido artículo 34.2, no se puede realizar una prueba final en la misma semana que se programe/realice otra prueba evaluable de evaluación continua, Y por supuesto estaría prohibido realizar dos pruebas finales (por ejemplo una de teoría y otra de práctica) en el mismo día o incluso en la misma semana

d) Tanto en las memorias de Grado como en diferentes documentos -como por ejemplo en el Documento EA2005-0054 de la Dirección General de Universidades titulado ‘Competencias y Diseño de la Evaluación Continua y Final en el Espacio Europeo de Educación Superior’- se indican una gran diversidad de tipos de pruebas/actividades para evaluación de conocimientos y de competencias en evaluación continua, pero no existe, o no he encontrado, ningún método para evaluar formalidades externas.

Por tanto no puede formar parte de un método de evaluación, por ejemplo, la obligatoriedad de entrega de fotos ya que una foto no evalúa ni conocimientos ni competencias del grado (cabe recordar que en el siglo pasado ya se eliminó la obligatoriedad de entrega de fichas y fotos en esta universidad). Y, en ningún caso podría tener una calificación negativa en la evaluación del estudiante la falta de entrega de foto (*para poder cumplir con el art. 28.4 del Reglamento de Avaliación, no se puede obviar el art 28 de la ley 39/15*)

Esto de puntuar negativo por no entregar foto estaría al mismo nivel que puntuar negativo al estudiante que cumplimenta una prueba escrita con estilográfica, o con bolígrafo verde, o con rotulador celeste, o con bolígrafo de gel violeta, O al mismo nivel que obligar a redactar una prueba escrita con bolígrafo azul retráctil o con bolígrafo negro con capuchón

e 05º) El artículo 64.g del Estatuto de la Universidad de Vigo (d 13/19) indica textualmente que todo estudiante tiene derecho A ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispor como alternativa de probas de avaliación global.

Por tanto es el estudiante el que tiene derecho a elegir entre evaluación continua y evaluación global.

Por lo que cuestiono, sobre todo para aquellos que pensaban/defendían la obligatoriedad de la evaluación continua: ¿Cómo se materializa/elabora un sistema de evaluación continua en la convocatoria extraordinaria (que dura un día por materia, según el calendario de exámenes) si durante el cuatrimestre **no** hubo evaluación continua?

O de otra forma: Si un estudiante elige durante el cuatrimestre evaluación global, -tal vez porque está en su quinto año de matrícula y no puede compatibilizar la asistencia a clases de las únicas 4 ó 6 materias que le faltan para terminar el grado- ¿cómo se le puede evaluar de evaluación continua en la convocatoria extraordinaria?

f) El artículo 20.4 del Regulamento sobre a Avaliación, a Calificación e a Calidade da Docencia e do Proceso de Aprendizaxe do Estudantado indica textualmente que *As guías docentes recollerán as actividades que contribúan á cualificación final, a súa ponderación e a súa obrigatoriedade, se a houbese, de obter unha cualificación mínima **nalgunha** delas.*

Por tanto en el caso que se proponga un mínimo en una o varias partes, referido mínimo sólo afectaría a esa parte y no puede convertirse en general. Lo cual significaría que si no se alcanzara el mínimo en una parte, referida parte se podría calificar con una ponderación de 0, pero nunca con una calificación negativa en la media ponderada

g o 7º y último) El art. 4.4 del Anexo I del RD 1044/03 dice textualmente que *Una asignatura se considera superada a partir de aprobado (5)*, Además el art. 5.4 del RD 1125/03, indica textualmente que Los resultados obtenidos por el alumno en cada una de las materias del plan de estudios se calificarán en función de la siguiente escala numérica de 0 a 10 (...) y continua diciendo que la calificación entre 5,0-6,9: Aprobado (AP). Y que referida escala se transcribe literalmente en el art.31 del Regulamento sobre a Avaliación, a Calificación e a Calidade da Docencia e do Proceso de Aprendizaxe do Estudantado

Por tanto cualquier método de evaluación continua que permita que un estudiante con una media ponderada superior a 5 pueda suspender, estaría en contra del Boletín Oficial del Estado

Estas 7 cuestiones, y otras muchas, creo que no se podrían, por si alguien lo pensara, sortear/eludir/esquivar en base a la Libertad de Catedra; Ya que según el artículo 5.3 de todos los anteriores Estatutos de esta *Universidad* -y también según el diccionario panhispánico del español jurídico publicado por la RAE *dpej.rae.es*-, La **Libertad de Catedra** se define como *O dereito dos docentes a expoñeren libremente as súas ideas, opinións e conviccións científicas e artísticas no exercicio da súa actividade docente. Esa liberdade de cátedra terá como límites os establecidos na Constitución e nas leis e os derivados da organización das ensinanzas da universidade, así como o dereito que todo estudante posúe a ser informado, con rigor científico, sobre aquelas teses ou teorías que o profesor ten declarado non compartir,*

Por lo que sobre estos 7 puntos, y otros que pudieran existir, planteo las siguientes cuestiones:

Además que sea el estudiante el que pueda denunciar los anteriores incumplimientos por ser parte directamente perjudicada.

Cuando un trabajador público de grupo A, compruebe su existencia, como por ejemplo el docente que observe una o varias de ellas en la guía docente de la materia que imparte, -independientemente a que hubiere participado en su elaboración o en su aprobación-, ¿tendría, basándose en los art.52 y 53 del Estatuto del Empleado Público, el deber de denunciarlos?, e incluso, y esto lo pregunto, ¿tendría derecho a incumplir, basándose en el art.54.3 de referido RDL5/15, susodichas ilegalidades o errores de un documento aprobado en órgano colegiado por ser nulo o anulable? Además creo que, si el docente es el elegido (art.52 LOSU) para para dirigir y gestionar el centro, pues también tiene la responsabilidad de gestión y seguimiento de los planes de estudio (artículos 38 y 41 de los Estatutos UVigo) y tendría, por tanto, también obligación de denunciarlos e incluso impedir su aprobación en órgano colegiado

Un comentario personal: si durante años he repetido, a más de un equipo rectoral, que no era evaluación continua un sistema que planteaba un examen final con un valor del 70% de la calificación final, lo cual repetí hasta que en el Claustro del 18-4-23, cuando se trató por primera vez el tema, -en la aprobación del *Reglamento de Avaliación*- se decidió que en evaluación continua no podía haber pruebas con más del 40%. Pues teniendo en cuenta que, por ejemplo, el tema de los mínimos -*aprobado a partir de 5 sobre 10*-, está determinado por el BOE (RD 1125/03 y RD 1044/03), Les indico que seguiré con este tema, o hasta que la mayoría silenciosa cumpla (aquellos que se han adaptado completamente al grado y a la evaluación continua con calificación continua) con su deber de denunciar, o hasta que la minoría ruidosa (aquellos que no se han adaptado y siguen evaluando quasi igual que antes del EEES) deje de infringir con su obligación de cumplir con los preceptos derivados del BOE, tal como se refiere en el capítulo VI del Título III del Estatuto del Empleado Público (RDL 5/15) y/o en el capítulo II del Título IX da Lei do Emprego Público de Galicia (lei 2/15)

Cuarto: Con respecto a otra cuestión ya planteada: Y teniendo en cuenta el derecho del estudiante 'A un diseño de las actividades académicas que facilite la conciliación de los estudios con la vida laboral y familiar' (establecido en el art. 33.g de la LOSU),

Presento la siguiente cuestión: teniendo en cuenta que los egresados tardan en titularse, en la mayoría de los grados, una media superior a 5 años; y que la mayoría de las materias con peores tasa de éxito o eficiencia están en 2º y 3º ¿En cuántos grados un estudiante en su 5º año y que se matricule, además de TFG, en las tres ó 6 materias de 2ºy3º que tenga referidas peores tasas, podría asistir a todas las clases (compatibilizando horarios) y por tanto ejercer su derecho de evaluación continua en todas sus materias matriculadas en referido 5º año de matrícula?

Por tanto vuelvo a plantear la propuesta, implantada ya en otras universidades, y hecha en sesiones anteriores, para poder cumplir con los, entre otros, los artículos 33.f y 33.n de la LOSU (LO2/23), los 7.1.d y 7.1.h del Estatuto del Estudiante (RD 1791/10), y los 64.g y 64.k de nuestros Estatutos (d 13/19), es decir que se inicien los trámites para que, en cada grado, todas las materias de los cursos pares se impartan completamente en un turno diferente (mañana o tarde), y alternativamente cada año, a todas las materias de los cursos impares

Quinto y último: Teniendo en cuenta las últimas sesiones de Claustro que finalizaron cerca de las 16:00, Ruego se estudie la posibilidad de incluir en la convocatoria de Claustro, como ya se contemplaba en los Claustros pre-LOU, la viabilidad de realizar un descanso, si fuere necesario, entre (más o menos) las 14:00 y las 16:00h. Y con respecto a la convocatorias de Claustro ¿Habría alguna posibilidad de no convocar sesiones de Claustro, como se vine repitiendo habitualmente, en el periodo oficial de exámenes finales, para facilitar la presencia, entre otros, de los estudiantes?

Fdo,

José Ángel Álvarez Moreira